



ALCOUVE



Revista subvencionada pola Consellaría de Educación
Dirección Xeral de Política Lingüística



Como xa sabemos, o noso centro forma parte da rede de Escolas UNESCO. Este ano está adicado aos bosques e á floresta, así que decidimos embarcarnos nun proxecto bianual para traballar as "Árbores de aquí e de acolá".

O respecto cara a natureza e o coidado do entorno son valores fundamentais que debemos inculcar dende a máis tenra infancia para que medren formando parte da conciencia do noso pequeno ALCOUVE.

Nesta nova edición da nosa revista ALCOUVE recolleemos todas estas experiencias e actividades realizadas. E tamén no noso Alcouveblog!

Boas vacacións!

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

SUMARIO

- Escolas UNESCO. Ano dos bosques e da floresta.
- Exposición de cabazas. O Samaiñ.
- O Magosto.
- Día da Paz.
- XII Salón do Libro infantil e xuvenil de Pontevedra.
- O Entroido.
- A festa dos Maios.
- As Letras Galegas. Lois Pereiro.
- Visitamos e visitáronnos.
- Manuel Quiroga Losada.
- Relatos sobre valores a través do deporte.
- 5º .Burradas a domicilio
- Sección de biblioteca
- Carta de despedida
- Pasatempos en inglés

ESCOLAS UNESCO

ANO DOS BOSQUES E DA FLORESTA

Como este é o ano dos bosques e da floresta, fixemos varios traballos de investigación sobre árbores e bosques.

Estudamos as árbores do patio.

Fixemos saídas ao río dos Galgos e a

exposicións sobre bosques



Medimos árbores.

...observamos as follas
as flores e os froitos,



...morcamos a casca.



Os nenos e nenas de Infantil adoptaron as novas árbores do colexio.



Nenos e nenas de 3 anos,



4 anos e



5 anos.

Os nenos e nenas do 1º ciclo foron a unha exposición en Pantevedra, a estudar máis das árbores.





Estos son os traballos que fixamos coa información que recollémos.



A ÁRBORE EXPOSITORA

Serivimos para colgar os debuxos e traballos das festas que celebramos.



Día da Ave

Samain



A primavera



O Entróido

O Magosto

Alfonso
Jonathan O.

Oussama
Alejandro P.

4º Primavera

EXPOSICIÓN DE CABAZAS

Como todos anos facemos a festa do Samaín no colexio. Algúns nenos, cos seus pais, fixeron cabazas, moitas cabazas. Os nenos decoraron as súas cabazas con máscaras, pinturas, froitos, etc, etc.





Cada clase do colexio, con axuda do seu profesora, fixeron unha exposición de Samain. Algúns cursos fixeron morcegos, outros cabazas, outros lendas e outras cousas máis.





A bruxa aparece
e os nenos
rinse.



Postres, doces típicos
do Samaín feitos con
cabaza.




Nenos e nenas
degustando os
postres típicos do
Samaín.

4º de Primaria

Ainhoa

A lenda do espantallo

Fai moito, moito tempo non existían os espantalllos e os paxaros comían o millo, os corvos eran brancos, e non se podían observar. Un día unha parella de anciás fixeron un boneco de palla e roupa vella. Cando puxeron o boneco no campo de millo, os paxaros fuxiron e os corvos, do medo que tiñan, puxéronse negros. Esta é a historia do porque os corvos son negros. **FIN.**




Ainhoa

Rubén

A lenda do espantallo

Fai moitos anos os coucos eran brancos e moi amigos dos homes. Os coucos querían comer da finca de millo pero os homes non lles deixaban e fixeron o espantallo. Os coucos como son moi listos colleron unha cerilla e queimárona. Logo comeron ata reventar e o espantallo explotou e os coucos transformáronse en coucos negros.



Rubén

Así celebramos o

MAGOSTO

en Cabanas o

12 de novembro



Visitamos a
exposición de
froitos de
outono.



Fizemos
cucuruchos



Asamos
as castañas



Repartíronnos
as castañas



e comémoslas

E o día 26 novembro...



Participamos en moitos xogos no patio



...fazemos debuxos

e aprendemos cantigas

A castaña no ourizo
eu ben sei o que ela fai
cando é pequena medra
cando está madura
cae

1º E.P.

DÍA DA PAZ



Gandhi naceu en Porbandar (India) no ano 1869. A súa familia pertence á casta dos comerciantes. Nesta época o seu país forma parte do imperio británico.

Aos 13 anos e de acordo cos costumes daqueles tempos casou con Kasturbai, unha nena da súa mesma idade. Costume que despois rexeitou nos seus discursos.

No ano 1888 despois da morte do seu pai, foi estudar a Inglaterra a carreira de dereito. Alí coñece os costumes dos ingleses, Le moitos libros : a Biblia, o Corán e libros sobre o hinduismo.

No ano 1891 volve ao seu país sendo xa avogado. No ano 1893 viaxa a Sudáfrica para defender a situación dos hindús que vivían alí e sufrían das moitas desigualdades sociais que tiña ese país. Nunha ocasión foi botado dun tren por ir en primeira clase sendo indio. Para loitar contra estas inxustizas organizou un acto no que se queimaron os pases que lle fixeron aos hindús. Así organiza o método non violento de desobediencia ás leis inglesas.

De volta á India en 1915 vestido á maneira hindú foi recibido polos seus amigos con colares de flores. Durante un ano adicouse a viaxar e a coñecer a India. Varios políticos hindús e musulmáns únense a Gandhi para pedir a independencia da India.

Organiza unha manifestación para axudar aos labregos polos impostos abusivos dos ingleses.

No 1930 levouse a cabo a "marcha do sal". Recorreu con miles de persoas sitios onde se recollía o sal do Océano Índico, que os ingleses non lle deixaban recoller.

Estivo detido no cárcere por desobediencia ás leis inglesas. Alí descansaba, lía, escribía e meditaba.

Para protestar contra a opresión inglesa Gandhi propuxo "a non cooperación". Todos debían comprar produtos indios e queimar a roupa que viña fabricada de Inglaterra. A partir dese intre debían fiar coa roca e facer os traxes á maneira tradicional. El facía a súa propia roupa, e o seu exemplo foi seguido por miles de persoas.


No ano 1931 participou na conferencia que ía preparar a Constitución da India. Gandhi intentou a reconciliación pero non foi posible e para que as loitas rematasen púxose en folga de fame.

Para lembrar a este líder nacional espiritual da India, Gandhi, celebramos tódolos anos o 30 de xaneiro, o día escolar da non violencia e a paz.

Os dous grandes principios de Gandhi son: a forza da verdade e a non violencia.

E os catro medios estratéxicos: a desobediencia civil, as mobilizacións, o diálogo co adversario e a folga de fame.

Os seus métodos serven de base para moitos que traballan pola PAZ.



XII SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

"É MENTIRA" foi o tema deste ano e, como sempre, tratamos de relacionalo con algún bloco de traballo que as ESCOLAS-UNESCO traballamos.

Un deses blocos de traballo é o estudo das distintas especies arbóreas de toda a costa atlántica. Por iso decidimos iniciar un traballo de investigación que durará dous cursos sobre "As árbores".

O título que pensamos para este traballo foi:

CANDO A NATUREZA

PRECE MENTIREIRA

Porque decatámonos que na natureza hai plantas e animais que parece que "minten" porque teñen estratexias, trucos, enganos... que lles axudan na supervivencia, ou que non son exactamente o que nós pensamos.



TRABALLAMOS ARREDOR DE TRES PREGUNTAS:

1. QUE É A MENTIRA?



2. POR QUE DOE TANTO A MENTIRA?

3. CANDO O ENGAÑO É NECESARIO



DEPOIS CADA CURSO FIXO
UN LIBRO SOBRE ANIMAIS
OU PLANTAS QUE PARECE
QUE "MINTEN" OU USAN TRU-
COS PARA PROTEXERSE DOS
ENEMIGOS OU ENGANAR
PARA CONSEGUIR COMIDA...





ATA O
ANO
QUE VEN
ORBIL!

GÚSTANOS CELEBRAR A FESTA DO ENTROIDO NO COLE!!

O Entroido é época de festa e diversión.

En Galicia hai Entroidos moi antigos e variados que nós coñecemos na escola: Peliqueiros, cigarróns, madamas, xenerais...



Aquí estamos
debuscando.



Nós estábamos na clase
e de súpeto apareceu un
peliqueiro.

O ano 2011 está adicado pola UNESCO aos BOSQUES, por iso no noso cole durante o ENTROIDO, todos fomos vestidos de personaxes relacionados coas florestas.

Os nenos e meninas de Infantil e 1º ciclo fixemos os disfraces nas aulas.



Nenos e meninas de infantil de 5 anos na súa clase.

No 1º ciclo convertémonos nun bosque no que apareceron árbores propias do bosque galego e árbores que temos no patio: castiñeiros, carballeiras, louceiros, piñeiros, liquidámbar, e plátanos de pera.



Obrairo de 2º

Obrairo de 1º

Desfilamos polo patio con músicas divertidas.



Desfilando as árbores do 1.^o Ciclo.

Mourusiñas desfilando.

Cantamos cancións propias do Entroido e todos os cursos lle dixemos a Cabanón as nosas coplas, botándolle as culpas de todo o malo que sucedeu dende o ano pasado.




Dixindo coplas a Cabanón.

Os nenos e nenas do 2º e o 3º ciclo
 inxeniaron disfraces relacionados cos
 bosques con materiais de reciclaxe ou roupas
 que tiñan nas casas. Apareceron personaxes
 dos contos, animalíños do bosque, cazadores,
 leñadores...



Todos inventamos coplas para lle contar a
 Cabanón antes de queimalo.



↓
 Cabanón
 vestido de árbore.

- Depois de queimar a Cabanon, seguiu a festa.



Pablo Cabanon !!



Pasamos mai ben bailando



Outros habitantes das bosques

2º de Primario

Coplas ao Cabanón

INFANTIL

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE ERES UN LAMBÓN
AÍNDA QUE NOS MOLAS
UN MOGOLLÓN.

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE COMES LACÓN A CACHÓN.

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE ES UN CABEZÓN.

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE CONDUCES UN CAMIÓN
QUE COSTOU UN MOGOLLÓN

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE TES UN LEÓN
QUE É UN PAPÓN.

1º E. PRIMARIA

**Aquí está o Cabanón
mentireiro e respondón.**

**Non quere traballar,
nin pintar,nin estudar.**

**Á profe fai enfadar...
sen recreo vai quedar.**

**Ao baño non pode ir
porque a auga fai sair..**

**Non sabe ir andando
e as mesas vai pisando
Mete as mans nos caixóns
non nos deixa nin botón.**

**Aquí está o Cabanón
rapiñeiro e respondón.**

Non se sabe comportar.

Xa o podedes queimar!!!

2º E. PRIMARIA

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE O MEU CAN ME DEU UN CROQUE
CO SEU CABEZÓN.

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
POR CAUSAR INUNDACIÓNS

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
POLOS ATASCOS A MOGOLLÓN.

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE SEMPRE CAÍO NO SALÓN.

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
POLAS TORMENTAS QUE CAUSAS
E DECODIFICAS A TELEVISIÓN.

QUEIMÁMOSTE CABANÓN
PORQUE MEU IRMÁN DAME PATADÓNS.

3º E. PRIMARIA

**Chega o Entroido
con moito amor.**

**Ven con cara de papón,
coma sempre, o Cabanón.**

**Cabanón,Cabanón,o outro día
rompécheslle a Alejandro
o pantalón.**

**Cabanón,Cabanón,
aínda que sexas ben feo
os de 3 querémoste mogollón.**

4º E. PRIMARIA

Cabanón, ímoste queimar
porque ao fútbol
non podemos xogar.

Ola Cabanón, ímoste cocer
porque con tanta calor
case imos morrer.

Cala por favor, Cabanón
que falas mogollón.

Cabanón, Cabanón, imos morrer
porque no patio, non hai de
beber.

Cabanón, Cabanón, ímoste
queimar
para decirlle á profe
que ao fútbol nos deixe xogar.

5º E. PRIMARIA

Queimámoste Cabanón
Por comer a comida
que hai no comedor,
e por romper os xogos
por pura diversión.

Queimámoste Cabanón
por talar as árbores
do noso arredor
e por secar as lagoas
onde imos sempre
coas nosas avoas.

Queimámoste Cabanón
por cantar e cantar
cando queremos traballar
e por calar e calar
cando queremos cantar.

Queimámoste Cabanón
por ser tan bo cos profesores
porque veñen sempre alegres
de saber que van mandar
moitos deberes.

Queimámoste Cabanón
por meternos nun caixón,
unha broma de mal gusto
que nos deu un bo susto

6º E. PRIMARIA

Queimámoste Cabanón
porque a profe Adelaida
nos fixo traballar un montón.

Queimámoste Cabanón
porque este ano temos
poucas vacacións.

Queimámoste Cabanón
porque a profe de música
nos fai buscar
moita información.

Queimámoste Cabanón
por todas as feridas
porque na pista vermella
houbo moitas caídas.

Queimámoste Cabanón
polas estrugas do pavillón,
porque a todos os nenos
lles pican un mogollón.

Queimámoste Cabanón
porque os profes que nos
mandaches moi maliños son.

FESTA DOS MAIOS

Como facemos sempre, na última semana do mes de abril comezamos a preparar o " noso maio " para a festa do día 1.

Este foi un ano un pouco especial porque nos levaron a armazón dun dos maios e non podemos facer máis que un pero quedou ben fermoso. O día 29 baixamos á biblioteca para ver un DVD moi interesante no que se amosaban as distintas formas de celebrar estas festas. Aos de 3º tocounos ir cos de 4º.

Despois fomos á porta de entrada do colexio e alí estaban Miriam (mái de Diego) e Domingo (pai de David) que nos explicaron como se fai un maio.

Vimos a maneira de poñer o giuncho e máis as condas de margaridas e os ovos, branzas e calas. Máis tarde, na clase compuxemos algunhas coplas.

O día 30 despois de comer empezaron a chegar os pais/nais para facer o maio. Tamén apareceron moitos nenos e nenas para axudar e xogar.

O domingo levamos o noso maio (os do pavillón) ata a praza da Ferraría para participar no concurso. Foi estupendo porque os de 5º venderon todas as coplas e cantaron moi ben. Por si foma pouco, acadaron o 3º premio en coplas.

A despedida do maio tivo lugar o martes. Os que firon a Ferraría volveron cantar no patio do colexio pero Alba xa non se meteu debaixo do maio porque o fpancho xa empezaba a cheirar. Foron uns días moi divertidos.

Os de 3º de primaria



O NOSO ÁLBUM DOS MAIOS



Os de infantil cos mangueiras

Todos preparados para comezan a traballar: Domingo e Minian cos mais pequenos:



DVD sobre os distintos tipos de maios na biblioteca



Ensaio no patio do colexio



Detalle do maso

Mais: Os do pavillón



Tercero premio en coplas. Ledicia a inventar!!!

Lois Pereiro

Naceu no ano 1958 en Monforte de Lemos o 16 de Febreiro. Tiña dous irmáns, Xosé Manuel e Inés. Contan que os tres irmáns podían comprar libros nas librerías de Monforte porque os seus pais abríranlles unha conta para que puidesen comprar libros sen problemas.

Pereiro comezou a escribir poemas con só 15 anos e cando rematou COU comezou os estudos de Ciencias Políticas e Socioloxía en Madrid, pero como non lle convencía e estaba a desgusto coa súa carreira, decidiu voltar a Monforte cos seus e adicouse á literatura e a traballar co seu pai na cristalaría familiar. Námooise dunha moza chamada Piedad e volveu marchar a Madrid á Escola de Idiomas. Fundou a revista "Loia" xunto co seu irmán Xosé Manuel e cos seus amigos Manuel Rivas e Antón Patiño.

!No ano 1981 contrae unha enfermidade que o consumía e lle paralizaba o corpo sen poder erguerse, nin vestirse só. Os médicos diagnosticáronlle

a "Síndrome do aceite de colza desnaturalizado".

Nesa época en España vendéuse para consumo humano aceite para uso industrial, o resultado foron 18.000 persoas afectadas.

Esta enfermidade marca o inicio dunha nova etapa da súa vida en Galicia (A Coruña) de onde xa casi nunca saíu agás algunha viaxe con Piedad.

"Poesía de amor e enfermidade" foi o seu último libro, no que describe o estado do seu corpo como "en campo de batalla".

Os seus últimos días pasamos na compañía dos seus familiares e dos seus amigos.

Morreu na Coruña o 24 de maio de 1996.

Iago Portela 5º





Traballo feito polos
nenos de infantil
e Primaria para hon-
menaxear a Lois Pe-
reiro no día das
Letras Galegas



Alba 5º

VISITAMOS E VISITÁRONNOS



Nenos participando no programa de Onda Cero



Os Chichisos ensinaramnos Cantares de Reis



Guillermo Gallazo foi alumno do Colégio de Cabanas.

Estudou música en Oviedo, e foi becado en Amsterdam.

Toca a tuba.



Os alumnos de 5º e 6º fixemos un roteiro 6º polos río dos Gatos





Alumnos de 6º participando no programa Ecopreguntoiro de Radio Voz. ¡Canto estudamos!



• A cocina das palabras é da imaxinación de parou gorentosos menús literarios para os nenos/as de 5º e 6º que gozaron sendo as receitas fantásticas do libro Sop de Soño.

Participando no Cartafol do Lérez.



O director facéndolle entrega dun agasallo a Rafael Úbeda diante do mural pintado por él.



Os nenos/as de 3º estudando as árbores



Visita á exposición "O bosque"





¡Como debullaban estes nenos!



Armancio deu unha charla sobre os árbores aos alumnos de 5º e 6º.



Un paseo pola zona antiga de Pontevedra.



Os nenos/os de 1º visitando unha exposición.

6º de primaria

SAÍDAS QUE FIXEMOS

CURSO 2010 – 2011

- **Visita á Illa das Esculturas**: o día 18 de Outubro, os alumnos de 5º e 6º de Primaria.
- **Concerto** : "Unha viaxe pola música andina": o día 28 de outubro no Pazo da Cultura, os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.
- **Obradoiro**: "O ciclo natural da auga": O día 10 de Novembro na planta Potabilizadora da auga en Pontevedra para os alumnos de 5º e 6º de Primaria
- **Conto musical de jazz** "O cazador e a balea": o día 15 de Novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra para 5º e 6º de primaria.
- **Teatro**: "Os catro da Xunqueira": o 25 de Novembro no Teatro Principal de Pontevedra para 3º e 4º de Primaria.
- **Cine**: "O lince perdido": o día 1 de Decembro no Auditorio de Caixanova, para 1º e 2º de primaria.
- **Teatro**: "O fillo de trono": O día 15 de Decembro no Teatro principal para os alumnos de 3º e 4º de primaria.
- **Concerto**: "Música popular galega": o día 14 de Xaneiro no Auditorio Caixanova para os alumnos de 3º e 4º de Primaria.
- **Exposición de pintura** "Úbeda": o día 20 de Xaneiro no Auditorio Caixanova para os alumnos de 3º e 4º de Primaria.
- **Programa de radio**: "Concurso": o día 25 de Xaneiro nas instalacións da Voz de Galicia para os alumnos de 6º de Primaria.
- **Concerto**: "O humor na ópera": o día 26 de Xaneiro no Auditorio de Caixanova para os alumnos de 5º e 6º de Primaria
- **Exposición**: "O bosque" : o día 2 de febreiro nunha carpa situada diante do Concello para os alumnos de 5º e 6º de primaria.
- **Visita ao "Salón do Libro"** no Pazo da Cultura para os alumnos de infantil, 1º, 2º, 3º, e 4º de Primaria, o día 10 de Febreiro.
- **Teatro**: "O flautista máxico": o día 14 de Febreiro no Teatro Principal para os alumnos de 1º e 2º de Primaria.
- **Visita á exposición**: " O bosque": o día 22 de Febreiro nunha carpa situada diante do Concello para os alumnos de 1º e 2º de Primaria.

- **Teatro:** “Saltimbanquis”: o día 28 de Febreiro no Teatro Principal para os alumnos De 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.
- **Teatro:** “Paco Trolas”. O día 2 de Marzo no Pazo da Cultura para os alumnos de infantil.
- **Teatro:** “Percuta e Minuta”: o día 14 de Marzo no Teatro principal para os alumnos de infantil.
- **Teatro:** “Migallas”: o día 15 de marzo no Teatro principal para os alumnos de Infantil.
- **Teatro:** “As formas na música”: o día 24 de Marzo no Auditorio Caixanova para os alumnos de 5º e 6º de primaria.
- **Teatro:** “O forno de flordelis”: o día 5 de Abril no Auditorio Caixanova para os alumnos de 3º e 4º de Primaria.
- **Concerto:** “Manuel Quiroga”: o día 6 de Abril no Conservatorio de Pontevedra para os alumnos de infantil(4 e 5 anos), 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.
- **Visita ás instalacións da Policia Local** o día 12 de Abril para os alumnos de E. Infantil.
- **Roteiro cos Bolechas por algunhas prazas de Pontevedra** o día 5 de Maio para os alumnos de 1º de Primaria.
- **Teatro:** “Cando chove e raia o Sol”: o día 6 de maio no Auditorio Caixanova para os alumnos de infantil.
- **Visita ao Museo e roteiro pólo centro histórico de Pontevedra** o día 6 de Maio para os alumnos de 2º de Primaria e o día 12 de Maio para os alumnos de 4º e 6º de Primaria.
- **Obradoiro de E. Vial** no parque da Policia Local de Pontevedra : o día 10 de Maio para os alumnos de 5º de Primaria.
- **Teatro:** “Fios”: o día 19 de Maio no Teatro Principal para os alumnos de infantil, 1º e 2º de Primaria.
- **Roteiro pólo rio dos Gafos** o día 25 de Maio para os alumnos de 5º e 6 de Primaria.
- **Visita ao CEIP Marcos da Portela:** o día 13 de xuño para alumnado de 2º de Primaria.

50 ANIVERSARIO DA MORTE DE MANUEL QUIROGA LOSADA



MANUEL QUIROGA LOSADA.

Naceu en Pontevedra o 15 de Abril de 1892 na rúa que floxe lereu o seu nome. Foi animado pola súa familia a estudar violín.

Así 11 anos ofeceu o seu primeiro concerto en Pontevedra no "Café Madame". Estudou en Madrid e en París, onde gañou o primeiro premio do "Conservatorio

de París".

En 1914 visitou New York por primeira vez, ofecendo concertos.

Deu concertos por todo o mundo.

Así 45 anos sufriu un grave atropelo (por un camión) e perde a mobilidade do brazo dereito polo que deixa de dar concertos.

A partir de aquí adicase a compondor moitas pezas e tamén a pintar autorretratos, caricaturas....

Casou cunha pianista francesa que se chamaba María Lherman. Manuel Quiroga foi considerado un dos máis grandes violinistas españois da historia.

Morreu en Pontevedra en 1961.


Alex Barcia Compostela

OS NOSOS TRABALLOS DE MANUEL QUIROGA LOSADA




**ASÍ EMPEZAMOS AS
NOSAS EXPOSICIÓNS
NO COLEXIO**

**CARICATURAS
FEITAS POR
TODOS OS
ALUMNOS**



**P
I
C
T
Ó
R
I
C
A**



**LEVAMOS O
NOSO MURAL AO CONSERVATORIO
PÚBLICO DE MÚSICA "MANUEL QUIROGA"**



**CONCERTO
DIDÁCTICO NO
CONSERVATORIO**



**VOLTAMOS PARA O
COLE DENDE
O CONSERVATORIO**



**ESTA ESTATUA DE MANUEL
QUIROGA ESTÁ NA
PRAZA DE S.XOSÉ.**

**ESTE É O
“CAFÉ MODERNO”**



**OS RAPACES
DE 1º CICLO DIANTE
DA CASA DE
MANUEL QUIROGA
(NA RÚA QUE LEVA
O SEU NOME)**



Relatos sobre os valores a traves DO DEPORTE

ÓSCAR E O SAQUE

Valor: AUTOESTIMA

(Ainhoa, 4º)

Fraxe unha vez, nun lugar moi afastado do mundo, nun pobo moi raro chamado Sport's City; un neno xogaba ao bádminton. Practicaba e practicaba.. pero non lle saía o saque. Contoullo a seus pais, pero non lle crían.

- *Se non podes xogar ao bádminton - ameazou súa nai non xogarás a nada!*
- *Pero eu practico e practico e non me sae- laiouse Óscar - é o único deporte que me gusta e nunca poderás xogar bá!!!*
- *Xa está ben! - dixo o pai anoxado - Calade! Óscar, mañá pola tarde practicarei contigo.*

Ao día seguinte Óscar foi a escola moi contento pero non lle durou moito. Hoxe ten deporte e toca practicar..

BÁDMINTON!!!

Se o mestre se entera de que non sabe suspenderá todas!!

- *Xurxo e Deisy contra Yolanda e Ricardo!- Dixo o mestre - Saca Yolanda, preparados? Xa!*

Óscar está nervoso, sabe que o profesor lle mandará sacar a el.

Entón achégaselle e dille:


- *Profe, non me sae o saque. Meu pai practicará conmigo, parécelle ben?*
- *Claro! Practicando sempre consigues o que queres!*
- *Grazas - respostou Óscar.*

Na de tarde, Óscar está a practicar co seu pai. Tócalle sacar a el

e...

- *Consequino!!! Que ben me saíu!!*
- *Parabéns, por fin tes un pouco de autoestima!*
- *Que é a autoestima? - preguntoulle Óscar a seu pai.*
- *É algo que nace da convicción de que somos necesarios.*

Dende ese intre, Óscar non esqueceu que debía de valorarse mais a si mesmo.



SOMOS IGUAIS!

(Juan Omil, 6º)

Valor: IGUALDADE

A nosa historia comeza no instituto Watson. É un día tranquilo, pero hoxe chegará un alumno novo que cambiará o instituto.

É seu nome é Peter, e a súa pel é de cor negra. Ao chegar, a xente comeza a miralo mal, de arriba cara abaixo. El sintese incómodo. Na clase, os seus compañeiros non paran de meterse e mofarse del, mais a el non lle importa pois o que quere é apuntarse ao equipo de fútbol.

Nada mais rematar as clases, Peter vai directamente a inscribirse no equipo. Pasan os días e por fin chega o día do seu primeiro adestramento. Os rapaces do equipo reciben con eloxios e animacións. Todos menos un, o capitán do equipo: Joe.

Joe pensa que un neno negro non pode xogar ben ao fútbol!

No primeiro partido Peter xoga de dianteiro con Joe. Comeza o partido marcando Peter un gol, mais a Joe non lle gusta que alguen que non sexa el anote os goles, e menos Peter!

Pasada a metade do partido Joe comeza a roubarlle o balón a Peter para converterse de novo na estrela do equipo. Ao rematar o partido o instituto Watson perdeu por 4-1.

Xusto ao remate do partido Peter dirixese cara Joe e dille:


- *Joe! Ti e mais eu somos iguais! Non te decatas que xogando ao fútbol non importa a cor da pel e que o importante e xogar sen distincións?*

Dúas semanas despois, o instituto Watson enfrontábase ao Cyrius. Ao pouco de comezar o partido Peter perde un balón preto da portaría e o Cyrius adiantase no marcador. Peter séntese decepcionado consigo mesmo. Nese intre Joe achégase a el e dille:

- *Non te preocupes Peter! Tiñas razón, todos somos iguais. Os dous somos bos xogadores e imolo demostrar! Gañaremos este partido!!*

Peter e Joe comezaron a xogar xuntos, pasándose o balón e marcando goles. Ao rematar o resultado foi de 21 para o instituto Watson. Joe e Peter abrázanse e din os dous á vez:

- *Somos iguais e xuntos conseguímolos!!*



5º BURRADAS A DOMICILIO

BURRADAS REAIS SACADAS DOS EXAMES

Estas son pequenas anécdotas que ocorreron, ocorren e ocurrirán ao longo da vida dos estudantes de todas as idades e todas as épocas.

Pregunta : *As illas Baleares*

Resposta : *Atópanse no Oceano Atlantico,e son Palma, Hierro, Granada e Sevilla.*

Pregunta : *Cales son as illas Canarias?*

Resposta: *Fuenteveracruz de Tenerife e Palma de Mallorca.*

Pregunta: *Cordilleiras de España*

Resposta: *Montañas Diabéticas.*

Pregunta: *Que é o clima?*

Resposta: *O clima é unha substancia química.*

Pregunta: *Antónimo de móvil*

Resposta: *Teléfono*

Pregunta: *Feminino de can*

Resposta: *Cana*

Pregunta: *Antónimo de ordenador*

Resposta: *Portátil*

Pregunta: *Que é o desenlace (en lingua)*

Resposta: *Lazo que se pon nos traxes modernos.*

BIBLIOTECA

Este curso **Pataquiña** está especialmente contento, porque por fin o equipo de biblioteca puido abrir as súas portas a tódolos nenos para facer o préstamo de libros.

Pataquiña presentounos a guía de usuarios, na que nos explicou as normas de uso, o funcionamento do préstamo, como están distribuídos os espazos... e a partir dese momento todos estamos lendo nas nosas casas "lecturas para disfrutar".

Como no verán non debemos de esquecernos de ler, **Pataquiña** quere recomendarvos algúns libros que vos poidan interesar e que vos axude a ter moi "bos momentos".

EDUCACIÓN INFANTIL


"A raíña de Turnedó".Ed.Xerais

Nesta historia, no xardín da raíña de Turnedó van aparecendo no mato do xardín, a raíña do mato, a princesa que a garda, o lacaio que a arrola, o cabalo que monta o lacaio, o carro que leva o cabalo, o coche que tira do carro, o rei que guía o coche, o corvo que aniña no rei, o ovo que puxo o corvo...



MI MUNDO: "Dragones". Ed. SM

Neste conto, seguindo a Nils nas súas aventuras, poderedes descubrir o maravilloso mundo dos dragóns e aprender coas curiosas informacións. Tamén atoparedes nel, pop-ups e solapas



1º e 2º CICLO DE PRIMARIA

"Contos con letras". Ed. SM

Nel podemos atopar varios contos protagonizados, na súa maioría, por animais.

Neles, a autora, xoga coas letras das palabras creando caligrafías moi vistosas para os nenos



"Diecisiete cuentos y dos pingüinos". Ed. ANAYA

Este libro está composto por un total de dezaioito contos e ten de protagonistas un par de pingüinos existencialista que se plantexan dúbidas sobre os seus nomes, o analfabetismo, e a xeografía norteamericana.



"Querido inimigo". Ed. RODEIRA

Laura tenlles moito medo aos cans. Por iso cando a súa nai

lle dixo que tiñan novos veciños e que estes tiñan un can,

Laura asustouse de verdade



"El secreto del oso hormiguero". Ed. RODEIRA

Son trinta poemas breves, que poden funcionar como unidades independentes. Abunda o humor e a tenrura, así como certa

imaxinación disparatada.



"Os oficios de Chuquelo". Ed. GALAXIA

Chuquelo, como can, era un completo desastre: se alguén lle lanzaba un pau, negábase a ir recollelo; un día en lugar de traer o xornal do quiosco, comprou un cómic de Rin Tin Tin, o seu heroe favorito; traía as zapatillas na boca, si, pero cheas de babas...



"Cama e conto". Ed. GALAXIA

O que máis lle gustaba a Malva era que a súa nai lle contase un conto na cama. Para ela o mellor da vida. Con aquelas historias viaxaba ata un mundo de maxia e de fantasía onde todo era posible.

**3º CICLO DE PRIMARIA****"Xenaro e o misterio da mochila verde". Ed. XERAIS**

A Xenaro o que máis lle gusta é xogar coas verbas e ler.


Tamén lle gustan os xogos de ordenador, o xadrez, os cómics, os documentais, a música...sen embargo, pode parecer un bicho raro porque tamén lle encanta facer de detective e resolver misterios.

**"Corazón de chocolate". Ed. XERAIS DE GALICIA**

En corazón de chocolate, a cidade de Santiago de Compostela é un emocionante e arriscado escenario para o primeiro misterio que se ten que descubrir. O reporteiro investigará se realmente existe a Irmandade Xelmírez.

**"Pequeño Nicolás". Ed. ALFAGUARA**

Nicolás é un rapaz como outro calquera, vai o colexio, xoga cos seus amigos, e fai travesuras, en fin, é un neno normal.



AS NENAS E NENOS DE 6º DESPEDÍMONOS

Paramos 9 anos desde que empezou a nosa educación no colexio de Cabanas-Salcedo. A todos nos pasaron moitas cousas, sentímonos moitos momentos de alegría, pero tamén algúns de tristeza, nostalgia... Houbo todo tipo de sentimentos.

Vivimos a marcha dalgúns compañeiros e a chegada doutros que acollemos con agasallo.

Todos formamos un bo equipo. Atrás quedan días de xogos, estudos, diversións, encoñados, dores, nervos...

Pero sempre quedarán moitos recordos.

Acábase este primeiro ciclo das nosas vidas na que todos os que superemos a ensinanza primaria pasaremos ao instituto coa ilusión de seguir aprendendo e facemos maiores, por iso, cada un de nós sentese orgulloso do que aprendemos no colexio.

Queremos recordar todos aqueles grandes momentos que compartimos cos profesores, cos pais a través de diversos actos como festas, festivais, excursións etc.

Por todo isto queremos dar grazas ao grupo de profesores que nos deron clase, ao conserxe, ao equipo directivo, aos pais e a todos os que co seu esforzo e a súa colaboración fixeron que durante estes anos puidésemos superar este primeiro ciclo de ensinanza.

Carla P

~~Carla P~~ Sancheis

~~Stefano~~

~~Scib~~ KHALID

Juan

ARJE

Jonathan


Piccolo

Marig


Diego

MAR*

Do the crossword.



Write.



- 1 It's got two ears, two eyes and a long tail. It's very small.
- 2 It goes into towns at night. It has a red coat.
- 3 It's got long teeth and a bushy tail.
- 4 It's got two big eyes. It can see in the dark.
- 5 It's got two big eyes. It jumps.
- 6 It's big and heavy. It's got small eyes. It lives in the jungle.
- 7 It's got big ears. It can hear in the dark.





**Este é o noso ALCOUVE xa
maduro.
Ata sempre!!!**